

Obama comeu en Porto Rico nun restaurante durante dun galego de Baralla

Obama estivo a semana pasada en Porto Rico en visita histórica. E aproveitou para ter un encontro con o gobernador **Alejandro García Padilla** no restaurante **Las Alas** que rexenta o lugueiro de Baralla **Jesús Baralla**, onde tomou un refrixerio. O sábado safan os seus datos na foto na contraportada de *El Correo*.

O deputado Ignacio López-Chaves será o presidente do Porto de Vigo

Ignacio López-Chaves, deputado autonómico e concelleiro vigués do PP, será o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo. A incógnita quedou despexada tras ser confirmada **Corina Porro** como presidenta do CES (Consello Económico e Social). Ambos os dous tomarán posesión nos próximos días.

>galeg@s

JULIO REBOREDO
HISTORIADOR

“A Historia contámola desde o presente; polo tanto, pode ser sempre unha gran mentira”

Héctor Cobo.

P ¿Un sinónimo de Galicia?

R *Conventus Lvcensis.*

P ¿Un lema a seguir?

R *Nihil est incertius vulgo, nihil obscurius voluntate hominum, nihil falatius ratione tota comitorum.*

P ¿Unha virtude?

R Pensar.

P ¿Un defecto?

R Creer.

P ¿Unha mentira histórica?

R Cozze dicía que a Historia é sempre contemporánea porque a contamos desde o presente. Polo tanto, a súa interpretación pode ser sempre unha gran mentira.

P Vén de publicar ‘Por la calle de San Marcos’. ¿Como se artella?

R Cun dobre punto de vista narrativo: por un lado os aconteceres da rúa e por outro, unha familia que leva vivindo nela desde as súas orixes como vía urbana. Resulta ademais que esa familia é a miña, e a coñezo ben.



Julio Reboredo Pazos

Naceu en Lugo en 1953 e sempre viviu na rúa que agora protagoniza o seu último ensaio ‘**Por la calle de San Marcos**’ abrangue 200 anos de historia lucense, a través, segundo di, “dos aconteceres dunha rúa e dunha familia provinciana”

A Historia Contemporánea é a súa especialidade. Catedrático de ensino secundario, publicou versos, novela, ensaios sobre o ensino da Historia e ata un libro sobre disparates de alumnos

P ¿Que proxectos ten agora?

R Quero acabar unha novela que, como non, trata sobre Lugo, duns días de 1837 que me resultaron especialmente chamativos.



seguro que fará todo o necesario polos lugueses.

Lugo

metropolitana

o Miño o motor dunha metropolitana como é esa?

SMS

>flash

